



Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

Fernando Pérez Fernández, alcalde do concello de Vilasantar, sendo mércores 30 de maio de 2018, en presenza do secretario de dito concello, emito o seguinte:

ANTECEDENTES:

Vista a solicitude de subvención realizada polo Concello de Vilasantar á Deputación da Coruña o día 4 de Abril de 2018 segundo as Bases reguladoras do Programa de Integración Laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais anualidade 2018, publicadas o 28 de febreiro de 2018 (BOP de A Coruña Núm. 41).

E vista a resolución 2018/17530 do día 23 de Maio de 2018, pola que a Deputación Provincial da Coruña aproba a concesión definitiva, ao Concello de Vilasantar, da subvención do programa de integración laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dirixido a concellos da provincia da Coruña de menos de 20.000 habitantes durante o exercicio 2018 (PEL - CONCELLOS), publicada o 25 de maio de 2018 (BOP de A Coruña nº 94)

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local vixente

RESOLVO:

PRIMEIRO. Convocar e aprobar as bases do procedemento selectivo para a contratación como persoal laboral temporal, de catro peóns a media xornada, para a realización de obras e servizos mínimos do Concello de Vilasantar.

SEGUNDO. Que se dea publicidade a tal convocatoria por medio do taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Vilasantar (www.vilasantar.gal).

Do presente decreto darase conta á xunta de goberno local para a súa constancia.

O presente documento asinarase electronicamente polo alcalde e, no seu caso, polo secretario, para que teña validez.